

**ACTA**

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano Colegiado:</b>
PLN/2022/7	O Pleno

<b>DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN</b>	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	27 de ABRIL de 2023
<b>Duración</b>	Desde as 21:00 ata 22:40 horas
<b>Lugar</b>	SALÓN DE PLENOS
<b>Presidida por</b>	MANUEL GONZÁLEZ LÓPEZ
<b>Secretario</b>	MINIA ASTRAY BARCA

<b>ASISTENCIA Á SESIÓN</b>		
<b>DNI</b>	<b>Nome e Apelidos</b>	<b>Asiste</b>
45845184C	ALBA QUINTELA VILARIÑO	SI
78799331C	ALBINO GARCÍA TRILLO	SI
78797031C	ANDRÉS CASTRO ABELLEIRA	SI
45961024D	ANXO NÚÑEZ FERNÁNDEZ	SI
44817796L	DANIEL RODRÍGUEZ GANDARA	SI
79327861X	JOSE MANUEL RAMOS CAAMAÑO	SI
33265012C	JOSÉ ANTONIO CAAMAÑO LESTÓN	SI
33253117Q	JUANA LAGO PROL	SI
33260032P	MARÍA BEATRIZ MOLINOS VIDAL	SI
33290705E	MARÍA JOSÉ SUÁREZ CASTRO	SI
44842747S	RAQUEL GARCÍA BARREIRO	SI
76518187Q	TOMÁS GOSENDE CAMBEIRO	SI



Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

## **A) PARTE RESOLUTIVA**

### **1.- Aprobación da acta da sesión anterior**

**Favorable**

**Tipo de votación**

Procédese á aprobación das actas das sesións correspondentes ao Pleno ordinario de outubro, o Pleno extraordinario urxente de novembro, o Pleno ordinario de novembro e o Pleno ordinario de decembro por unanimidade.

### **2. Expediente 215/2023. Recoñecemento Extraxudicial de Créditos.**

**Favorable**

**Tipo de votación**

#### **DEBATE**

Toma a palabra o Sr. González para expor a proposta plenaria sobre o expediente 215/2023 e é a aprobación de determinadas facturas que se corresponden ao exercicio 2022 e que, polo tanto, como estamos no exercicio 2023 teñen que vir a Pleno. Hai algunhas que non se rexistraron ata 2023 e que se refiren a servizos prestados en 2022 e outras pois do exercicio do 2022 e ata este momento non se puideron traer a Pleno para a súa aprobación e posterior pago. Temos un REC de 177.000€, boa parte deles teñen que ver con facturas que entraron este ano do subministro eléctrico, boa parte. Subiu moito as facturas que pagamos os Concellos e outros expedientes que quedaron atrasados, algúns máis dos que queríamos. Tivemos unha serie de problemas no segundo semestre de 2022 que fixo que se atrasaran o pago aos provedores e agora estamos resolvendo esa situación e as facturas de 2023 estanse satisfacendo conformo ao previsto en tempo e forma.

Toma a palabra a Sra. Molinos voceira do PP que indica que comencan a súa intervención co que sempre manifestan cando se trae un REC. Diremos que as facturas que entran no Concello e que se corresponden con subministracións ou servizos que foron prestados e que a persoa responsable da súa conformidade coa prestación dos mesmos da a súa conformidade, pensamos que hai que



pagalos. Incluso pensamos que algunhas das facturas que se inclúen neste REC deberían estar pagadas fai tempo, cando se prestaron os servizos. Vemos, entre outras, que a 27.04.2023 trae facturas como o mantemento do mes de outubro de 2022 da estación de potabilización de auga, seis meses despois de que fose prestado o servizo, seis meses que tarda en cobrar esa empresa, a recollida de lixo e a limpeza do colexio de decembro do ano pasado, as lecturas das fotocopiadoras de outubro do ano 2022, os peles da piscina por valos de máis de 12.000€ correspondente ao anterior exercicio, e practicamente todas elas son facturas recorrentes que se o Goberno estivera ao que tería que estar deberían tido en conta o pago das mesmas no seu momento e non traelas 6 meses despois coas consecuencias que teñen para os provedores que están sen cobrar dende aquela.

Esta xestión caótica da economía na que teñen moito que ver a urxencia de orzamentos municipais acordes co ano natural, que vostedes en todo o mandato non foron capaces de confeccionar e elaborar, fai que os gastos do ano pasado se imputen aos créditos orzamentarios que deberían usarse este ano o que fará que eses créditos para este ano estean esgotados cos pagos de facturas do ano pasado. En resumo, isto é parte do relato da lamentable xestión económica que fixeron nestes catro anos.

Por outra banda, nos informes de intervención constan reparos da súa xestión no senso de que hai gastos que fixeron que non estaban aprobados, outros nos que non se comprobou a efectiva ou realización da obra, servizo ou subministración, nalgún caso tamén non existe a certificación de técnico da dirección da obra do pago que se pretende facer. A nós todas estas cuestións fannos ter dúbidas de que é o que se paga e de como se paga.

O primeiro punto do acordo que trae vostede neste expediente para a súa aprobación indica que se levanten os reparos formulados pola Intervención nos informes correspondentes e nós á vista do anteriormente exposto non cremos que teñamos nin a información nin as garantías para facelo.

Para rematar, quixeramos deixar constancia de que xa no REC que trouxeron no mes de febreiro, este grupo detectou que a resposta que nos deu cando lle preguntamos cantas facturas e porque importe quedaron a deber no ano pasado e nos contestou que foron 1.495 facturas por valor de 430.000€, iso non era a contestación correcta. Vostede intentou xustificarse metendo polo medio facturas deste ano, que corresponden a prestacións do ano pasado, factura ás que nós non facíamos alusión algunha. Daquela puidemos comprobar que os 430.000€



que vostede recoñeceu medraran en máis de 50.000€ e agora neste REC podemos comprobar que volveron a medrar outra vez en polo menos outros 78.300€. Mire que podemos entender que vostede non teña un coñecemento céntimo a céntimo do que se debe pero o que nos custa entender é que non teña unha idea global do que falta por pagar e que escape do seu coñecemento 130.000€ de débeda a provedores. O que nos trasladou é que lle trasladaron mal a cantidade o que nos indica que vostede non leva as contas nin sequera por encima, parece Sr. Alcalde que esta despreocupación polos cartos di moi pouco da súa capacidade para xestionar a economía do noso Concello.

Toma a palabra o voceiro do BNG o Sr. Núñez que indica que evidentemente todos os servizos e facturas do que está feito hai que pagalas e evidentemente deberían pagarse en tempo e forma. Nalgunhas ocasións pódese entender que ben porque se rexistran as facturas fora de prazo ou porque as circunstancias poidan atrasalas, nalgúns casos. Aquí é onde entra o xogo da política e que pagos hai que priorizar e cales poden agardar un pouco máis nesta relación hai facturas de grandes empresas que poden esperar máis pero hai facturas de empresas pequenas e que unha factura de 1.000 ou 2.000 lle supoñen chegar a fin de mes ou un gran risco económico para a súa empresa.

O Sr. Alcalde e o seu goberno deste Concello tanto neste REC como noutros tiñan ter que feito un seguimento económico xusto e pormenorizado do diñeiro dos veciños de Outes, xa que, non se pode xogar co pan de autónomos e empresas pequenas. Neste senso, a escusa de que o departamento de Intervención teña esa circunstancia temporal é unha escusa porque aí é onde ten que entrar a política. É onde o goberno ten que axilizar os pagos e puido ter negociado con outros concellos da Ría os servizos de Intervención, puido facilitar e procurar que isto fora para diante pero non tiveron a máis mínima intención. Máis alá disto non podemos contrariar os informes de Intervención, cousa que o seu goberno está acostumado a facer así como segundo palabras textuais os informes xurídicos desta casa son opinións e cando o Goberno non concorda con esas opinións leva a contraria ou non fan caso ao que di o persoal xurídico desta casa.

Por último, gustaríanos facer un par de comentarios en relación coas facturas eléctricas. Creo que todo o mundo notou esta subida de prezos que nos afecta a todos e cando nos afecta conxuntamente nas facturas das administracións públicas é onde temos que mellorar, buscando convenios que entre outras cousas facendo máis negociación e presionando á instalación de enerxías renovables nos concellos pero tamén fomentando a mellora enerxética nos edificios públicos instalando placas solares, arranxando as placas solares da piscina municipal e



outras actuacións que poderían axudar a reducir moito este gasto.

Toma a palabra o voceiro do Partido Socialista o Sr. Caamaño que indica que o goberno trae outro REC e como dixemos no anterior preocupánnos o día a día dos veciños, as clases de ioga unha factura de novembro (fai seis meses), a limpeza da roupa da gardería do mes de xullo do 2022 esta aínda sen pagar, que a limpeza do colexio do mes de novembro está sen pagar. Facturas que son de veciños, de pequenas empresas que subsisten como poden porque a administración local tarda seis meses en pagarlles. Xa se está creando o rumor na calle de que hai empresas que non queren traballar para o Concello e a verdade non me estraña. Preocúpame como lle podo dicir a estes rapaces que hoxe nos acompañan que cren empresas, que non se preocupen e que traballen con nós que xa lle pagaremos, se non é dentro de seis meses será dentro dun ano. Entón se ese é o exemplo que lle estamos dando a esta xuventude mal imos, intentar que as facturas se paguen e se entreguen en tempo e forma e que isto non pase dos dous meses.

Toma a palabra o Sr. González que reitera o xa dito, tivemos graves problemas na área de intervención, cunha nova interventora que tivo que facerse coas rendas desa área e a maiores a persoa que se encargaba de facturación colleu unha baixa que aínda segue. E mentres ordenamos ese problema que agora xa está resolto pois o que se produciu foi un aumento no período medio de pago. Xa lle pedimos desculpas en particular aos provedores locais e tamén teño que dicir que en liña xeral amósanse moito máis comprensivos do que se mostran os compañeiros da oposición, porque saben que son problemas sobrevidos. Estamos máis tranquilos porque agora mesmo estanse pagando en tempo e forma e con normalidade. O que pasa que como algunhas teñen un atraso e son do ano anterior pois teñen que vir a Pleno nun REC.

Sobre o reparo de Intervención é o habitual en calquera REC porque hai subministracións que non teñen contrato e unha serie de particularidades que ao final non necesitan e son obxecto de reparo de intervención, como a subministración eléctrica. E fai referencia ao contrato traído no plano anterior con relación á licitación da subministración da enerxía eléctrica así como ao cambio de luminarias que se fixo e que carrexou unha baixada moi importante pero que lamentablemente non se notou no custe porque os prezos subiron. Evidentemente imos aprobar este REC, xa que, hai que pagar aos provedores, lamentamos o atraso e estamos tranquilos porque nestes momentos estase pagando en tempo e forma.



Toma a palabra a Sra. Molinos para indicar que é certo que o Sr. González da a escusa de sempre, que houbo un cambio en intervención e que faltoulles a persoa que leva os temas de facturación por unha baixa. E temos que contestarlle que no anterior mandato os problemas eran bastante maiores, primeiro porque esa persoa de intervención non a había e estivemos sen interventora un montón de tempo e os pagos aos provedores facíanse en tempo e forma. Pensamos que o problema non son os cambios de intervención senón vostedes o goberno.

Ao que se refire vostede a que os reparos de intervención son habituais, son habituais cando existe un motivo para que os haxa, cando se fan gastos que non están aprobados, cando non se comproba a efectiva execución da obra ou cando non existe certificación dos directores de obra para facer os pagos e iso é cando é habitual o reparo.

Toma a palabra o Sr. Núñez que indica que insiste, porque vostede sigue co mesmos e o que nos indica foi nun momento puntual e o que os indica non é unha escusa e aí é onde entra o papel da política e o goberno o que ten que facer é priorizar, que é o principal papel do goberno. O máis urxente é pagar aos autónomos e pequenas empresas e evidentemente os empresarios son comprensivos pero iso non quere dicir que non sexa unha situación que lles afecte negativamente nos seus negocios. Teñen que poñerse a traballar para que estas facturas sexan pagadas en tempo e forma.

Con relación ao contrato de subministración de enerxía eléctrica non é escusa, xa lle felicitamos no seu momento pero xustificar que non se pagaron facturas a provedores máis pequenos porque hai facturas de electricidade non é escusa. Por último, incidir en que vostedes fan caso omiso aos informes, non estamos falando de reparos ordinarios. Estamos aquí para velar polo bo facer do Concello.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que con relación aos reparos de intervención indica que cando empezou fai catro anos chamáronme a atención dos reparos e preguntei e efectivamente co tema das eléctricas ían seguir tendo reparo mentres non tiveran contrato, algo que vostede presume agora e eu o único que lle digo que non presuma tanto porque votou catro anos sen facelo, cando vostede entrou xa existían eses reparos, puido facelo antes.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que efectivamente tardamos catro anos outros tardaron corenta e non fixeron nada e nós imos a facelo agora. Sobre os reparos podería facer algún comentario sobre os reparos de 2018 pero non os vou a facer e vamos a proceder á votación do presente punto.



## ACORDO

**PRIMEIRO.** Levantar os reparos formulados pola Intervención en informe 2023-0015 e 16 ambos de 17 de abril de 2023.

**SEGUNDO.** Aprobar o expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos 3/2023 por importe total de 177.024,22€, que se contén nas seguintes relacións contables:

- X/2022/23 por importe 43.489,88 €.
- F/2023/1 por importe 9.803,31 €.
- F/2023/2 por importe 79.270,05 €.
- F/2023/9 por importe 8.487,39 €.
- X/2022/24 por importe 2.520,00 €.
- X/2022/25 por importe 1.628,78 €.
- X/2022/26 por importe 26.723,42 €.
- F/2023/16 por importe 4.603,34 €.

**TERCEIRO.** Aplicar, con cargo ao vixente orzamento municipal de 2023 prorrogado, os correspondentes créditos con cargo ás aplicacións orzamentarias que se conteñen nas relacións sinaladas no punto anterior.

## VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 abstencións

BNG: 2 abstencións

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 abstencións

### 3. Expediente 297/2023. Disposicións Normativas (Aprobación, Modificación ou Derrogación)

Favorable

Tipo de votación

## DEBATE

Toma a palabra o Sr. González para establecer os termos da proposta relativa ao Exp. 297/2023 para a aprobación da ordenanza reguladora do prezo público pola



prestación do servizo na Escola Infantil Municipal do Concello de Outes nos termos que figuran no mesmo expediente e nas cuestións que xa se comentaron na Comisión. Tiñamos un prezo público e é necesario adecualo á nova Escola Infantil Municipal e indica que se realizou un pequeno cambio e aprobado por todos os grupos na Comisión e para ser consecuentes nos diferentes baremos e fai referencia a dito cambio que consta no acordo. Así como que a mesma é moi similar aos das Galiñas Azuis da Xunta de Galicia.

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que saben que é un trámite necesario para establecer os prezos públicos da EIM e ao igual que dixemos no pleno anterior cando trouxeron o regulamento de funcionamento da mesma celebramos que os pais e nais usuarios non teñan que pagar nin matrícula nin a atención educativa, xa que, a Xunta de Galicia a través da Consellería de Política Social subvenciona este gasto a todos os menores de 0-3 anos da nosa comunidade. Tanto nos informes de Secretaría como de Intervención se advirte que de non cubrir na totalidade do custo do servizo co prezo público establecido a deferenza debe ser consignada no orzamento municipal para que poida ser cuberta deste xeito. Como o orzamento é prorrogado gustaríanos que nos aclarase se nas partidas asignadas ao funcionamento da EIM hai crédito para atender estes pagos e de non ser así ata cando chegaría este crédito de cada partida correspondente.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que xustamente na Comisión foi onde unha vez estudada a ordenanza, chamounos a atención o que sinalou e que finalmente se corrixiu, porque efectivamente a Xunta de Galicia contempla a gratuidade na atención infantil pero non noutros servizos como cociña ou comedor. Por iso plantexamos que revisaran os prezos e alérganos que recolleran esa suxestión. En dita ordenanza tamén desglosan a parte referente ao persoal e hai cousas que chaman a atención, persoal laboral que consta de dúas mestras e unha a maiores que se ampliou que se fixo co traslado do PAI á EIM e dúas educadoras, unha que está contratada dende 2007 e outra que está dende 2021, facilítannos os salarios de ditos traballadores que non entendemos porque aparecen diferentes cantidades cando teñen as mesmas funcións e a maiores hai unha delas que fai unhas funcións de dirección e ditas funcións si as fai pero non son remuneradas. Entón ante todo isto, chámonos a atención que na RPT que se fixo en 2021 non se estabilizaron as prazas das dúas educadoras, unha si que é contratada dende 2021 e outra é contratada dende o 2007 e non sabemos porque non se estabilizaron e gustaríanos que o respondera.

Polo demais, é unha ordenanza que a gratuidade na atención infantil está garantida pero desgraciadamente todos coñecemos como funciona a política do





PP neste país. Dende o BNG queremos que quede reflectido no papel ante este goberno e o próximo futuro goberno que quede recollido na ordenanza estas condicións que acabamos de sinalar.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que non sabe se nos implica e en principio só veño coa ordenanza e en canto ao expediente estamos de acordo e falámolo na Comisión e decidiuse subsanar, cremos que de xeito adecuado, unha cuestión por tema de ingresos mínimos e facer tamén ese trámite no horario ampliado de xeito gratuíto e polo tanto o noso visto bo a dita ordenanza.

Toma a palabra o Sr. González para indicar que por aclarar certas cuestións, en canto ao crédito suficiente cremos que temos o crédito suficiente e en todo caso a área de intervención se non fora así procederíamos a obtención dese crédito. Cremos que o teño porque é no capítulo 1 e existen unha serie de vacantes que os permite cubrir os novos postos así como que non teremos o alugueiro que pagamos anteriormente.

En canto ao que apunta o BNG o que estamos a falar aquí é unha ordenanza e nada ten que ver as condicións laborais dos traballadores. Non é obxecto do debate nesta ocasión e fai referencia ás prazas de estabilización ás que fixo referencia a voceira do BNG e indica que non se atopan no proceso de estabilización por non cumprir os requisitos.

Toma a palabra a Sra. Molinos con relación ás verbas da voceira do BNG e indicar que non apoiamos a súa iniciativa de poñer a cero o horario ampliado a contía indicada. Non sei se estivemos na mesma comisión informativa porque na mesma e como constará na acta desa comisión tomouse ese acordo por unanimidade e polo que nós apoiamos ao igual que o noso compañeiro do Partido Socialista esa iniciativa. Non vexo a que ven esa teima con nós.

Voulle facer outra aclaración, a RPT fíxose no ano 2018 e non temos nada máis que engadir.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que non recorda que vostede o manifestara de xeito claro como o acaba de facer e que apoiaba senón que tiñan que estudalo. A Sra. Molinos indica que non é así porque o apoiaron na Comisión. Continúa a Sra. Suárez indicando que a ele en concreta non lle consta que fora tan claro e explícito. Ao fin de acabo trátase de estabilizar un servizo que é moi importante para o noso concello e que a xente que ten un nivel de mesmos do 30% si que corresponde que teñan un servizo totalmente gratuíto e hoxe en día o uso da Escola Infantil non é un capricho e é un servizo necesario na sociedade que vivimos.



Con respecto á ordenanza di o Sr. Alcalde que non entende moi ben porque pregunto pola parte laboral e pregunto porque tamén está no expediente e sei que non é o lugar para negociar a parte laboral pero chama a atención que conste no expediente e non saiba dar explicacións e porque non está recoñecida a retribución indicada e que unha educadora dende o ano 2007 siga sendo contratada. Iso é o que chama a atención e como está no expediente pretendíamos que soubera darnos a resposta axeitada. Polo demais, parabéns conseguiron crear unha Escola Infantil no Concello de Outes tan necesaria, pero a ordenanza ten que quedar recollida de xeito claro.

Indica o Sr. Alcalde que a efectos aclaratorios si que quedaran todos os grupos en que se dende do punto do vista técnico non había ningunha obxección se modificaría esta cuestión, e foi o que pasou.

## **ACORDO**

**PRIMEIRO.** Aprobar a Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación do servizo na Escola Infantil Municipal (EIM) do Concello de Outes, nos termos que figuran no expediente, coa fixación das correspondentes tarifas para a prestación do servizo, e que a continuación se transcriben:

### **“ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE ESCOLA INFANTIL MUNICIPAL DO CONCELLO DE OUTES**

#### **Artigo 1.-Obxecto**

Este Concello establece o prezo público da escola infantil municipal especificado nas tarifas comprendidas no artigo 3, punto 7, que se rexerá pola presente ordenanza, de conformidade co disposto nos artigos 41 a 47 do RDL 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

#### **Artigo 2.- Persoas obrigadas ao pagamento**

Están obrigadas a pagar o prezo público regulado nesta ordenanza as persoas físicas beneficiarias do servizo da escola infantil municipal que presta este Concello, nos termos e nas condicións establecidos nas normas de funcionamento da escola infantil municipal e nos seus Anexos. Estas persoas teñen a consideración de obrigadas ao pagamento do prezo público. A prestación deste servizo constitúe o feito impoñible deste prezo público.



### **Artigo 3.-Regras de definicións para a determinación do importe que se vai pagar**

1. Entenderase por unidade familiar a formada polos cónxuxes non separados legalmente e:

a)os/as fillos/as menores, con excepción dos que, con consentimento dos/as pais/nais, vivan independentes destes/as.

b)os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

c)os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

2. A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente no 31 de decembro do ano a que se refiran os datos económicos a que se refiren as seguintes regras.

3. Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar, no cal pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

4. Documentación acreditativa da situación económica:

a)Última declaración da renda de todos os membros da unidade familiar. Para o suposto de que non se teña presentada, o/a interesado/a deberá asinar a correspondente autorización ao Concello de Outes para obter da AEAT os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar. A estes efectos todos os membros con ingresos, que compoñen a unidade familiar, deberán asinar a dita solicitude.

b)No suposto de percibir pensión, certificado expedido polo Instituto Nacional da Seguridade Social ou da administración autonómica pagadora da mesma.

c)Nos casos de nulidade matrimonial, separación ou divorcio considerarase a renda de quen exerza a garda e custodia do/a menor e as pensións compensatorias que perciba o cónxuxe que a ostente e de alimentos dos/as fillos/as ao seu cargo. No caso de non as percibiren, acreditarase esta circunstancia coa copia da reclamación xudicial presentada ao efecto.

A documentación citada anteriormente fará referencia ás circunstancias existentes ao momento de apertura do prazo de renovación de praza,



preinscrición e matrícula.

De carecer de acreditación documental dalgunha das incidencias alegadas neste artigo, poderase presentar informe dos servizos sociais do concello correspondente. A falta de presentación dalgún destes documentos dentro do prazo de solicitude establecido suporá a renuncia implícita a ser valorado no apartado correspondente do baremo aplicable.

5. O importe resultante da agregación da base impositiva xeral coa base impositiva do aforro dividirase polo número de membros computables da unidade familiar. No caso de familias monoparentais, incrementarase nun 0,8 o número real de membros que compoñen a unidade familiar. Entenderase por familia monoparental cando formase parte da unidade familiar un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa con que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o/a outro proxenitor/a non contribúa economicamente ao seu sustento.

6. A renda per cápita mensual será o resultado de dividir o importe anterior por doce.

7. O prezo público a pagar regulado nesta ordenanza polas persoas físicas beneficiarias do servizo da escola infantil municipal que presta este Concello, segundo a renda per cápita mensual da unidade familiar, é o que se especifica a continuación:

TRAMOS RENDA PER CÁPITA			ATENCIÓN EDUCATIVA (Subvencionada pola Xunta de Galicia)		SERVIZO DE COCIÑA	SERVIZO DE COMEDOR	HORARIO AMPLIADO HORA
CONTÍA EN FUNCIÓN DO IPREM (600,00€)	DENDE	ATA	XORNADA COMPLETA	MEDIA XORNADA			
Inferior ó 30% do IPREM	0,00€	180,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00€	0,00 €
Entre o 30% e inferiores ao 50% do IPREM	180,01€	300,00€	0,00€	0,00€	9,00€	17,45€	21,16€
Entre 50% e inferiores ao 75% do IPREM	300,01€	450,00€	34,91€	17,46€	9,00€	17,45€	21,16€
Entre o 75% e inferiores ao 100% do IPREM	450,01€	600,00€	69,81€	34,91€	9,00€	26,45€	21,16€



Entre o 100% e inferiores ao 125% do IPREM	600,01€	750,00€	112,13€	56,06€	9,00€	37,02€	21,16€
Entre o 125% e inferiores ao 150% do IPREM	750,01€	900,00€	133,29€	66,65€	9,00€	52,89€	21,16€
Entre o 150% e o 200% do IPREM	900,01€	1.200,00€	147,05€	73,52€	9,00€	63,47€	21,16€
Superiores ao 200% do IPREM	Mais de	1.200,00€	169,26€	84,63€	9,00€	74,05€	21,16€

8. Descontos: Segundo as circunstancias da unidade familiar, sobre o prezo que resulte aplicar o disposto no punto anterior aplicaranse os seguintes descontos que non son acumulables entre si:

DESCONTOS EN COMEDOR E HORARIO AMPLIADO (non acumulables)		SUSPENSIÓN TEMPORAL DA COTA	
		Situación	Período de suspensión
Familia numerosa	20%	Vacacións do neno ou da nena	O mes de vacacións anual
Familia monoparental	20%		
Outros irmáns no centro	20% o segundo e seguintes		
Ingreso despois do día 15 do mes	50% da cota		
Familias con renda per cápita igual ou inferior a 7.500€ anuais exención da cota a partir do 2º fillo ou filla que acuda á mesma escola	Exención	Falta de asistencia por causa debidamente xustificada	<u>Suspensión da cota do comedor:</u> a partir do primeiro día do mes natural seguinte á data de ausencia. <u>Duración da suspensión:</u> ata o primeiro día do mes natural no que teña lugar a reincorporación. <u>Reincorporacións:</u> a partir do día 15 do mes, 50% da cota.
Familias acolledoras de menores con medidas administrativas de tutela ou garda gozarán da exención total da cota	Exención		

Entenderase por familia numerosa aquela que reúna as condicións que determina a Lei 40/2003, do 18 de novembro, de protección ás familias numerosas.

9. Aplicación de tarifas.



- I. O prezo público por asistencia á Escola infantil Municipal fíxase segundo o que indique as taxas da Xunta (segundo o IPREM), que teñen en conta a renda per cápita mensual da unidade familiar, e unha vez aplicadas as diversas reducións que na mesma se contemplan.
- II. A Xunta de Galicia ofrece educación gratuíta no primeiro ciclo de infantil para todos os segundos fillos e sucesivos de 0 a 3 anos desde abril de 2020. A partir de setembro de 2022 amplíase esta iniciativa de xeito que permite que todas as familias queden exentas do pago da matrícula e a atención educativa para os seus fillos nunha escola infantil.

A gratuidade aplicase tanto nos centros públicos de titularidade autonómica (dependentes da AGASS e do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar), como nos privados, de iniciativa social, municipais ou de calquera outra índole que estean adheridos ao programa. Como centro adherido a dito programa, a escola infantil municipal de Outes, aplicará directamente a todos os usuarios/as deste servizo o desconto do 100% no custo da atención educativa. Sendo a Xunta de Galicia quen aboe o custo do servizo educativo ao centro.

A gratuidade aplícase aos custos do servizo de atención educativa, pero non aos servizos complementarios, como os de cociña, comedor, transporte, a ampliación de horario ou calquera outro servizo que ofrezca o centro. Para os efectos desta ordenanza entenderase por atención educativa a actividade realizada dentro da aula en horario ordinario.

- III. O pagamento das cotas referidas aos servizos complementarios (como os de cociña, comedor, transporte, a ampliación de horario ou calquera outro servizo que ofrezca o centro) realizarase mensualmente mediante domiciliación bancaria. Nos casos nos que o ingreso no centro se produza con posterioridade ao día primeiro do mes a cota correspondente a pagar será proporcional aos días de asistencia ó centro.
- IV. As persoas usuarias non terán a obriga de aboar a cota durante os períodos do mes de vacacións, falta de asistencia por causa debidamente xustificada e cando por calquera motivo distinto dos anteriores o centro permaneza pechado por un período superior a quince días naturais.
- V. Revisión do prezo público: durante o curso poderase proceder á súa revisión, sempre que se produzan e xustifiquen variacións nas circunstancias económicas ou familiares referidas aos seguintes casos:
  - A modificación das variables que determinan os descontos recollidos na normativa vixente en materia de prezos públicos.



- A variación no número de membros da unidade familiar, se fose o caso.

A/o beneficiaria/o queda obrigada/o a comunicar calquera variación que se produza ao respecto

Os prezos públicos establecidos nesta ordenanza actualizaranse segundo a normativa vixente que regule o réxime de prezos das escolas infantís 0-3 da Xunta de Galicia e as súas actualizacións para cada curso escolar.

#### 10. Financiamento.

A prestación do servizo da escola infantil financiarase cos recursos xerais do Concello, cos prezos públicos que aboarán as persoas usuarias e con outras achegas das administracións con competencias na materia.

#### **Artigo 4.-Modificación**

A modificación dos prezos públicos fixados no presente Acordo corresponderá ao Pleno da Corporación, en virtude o artigo 47.1 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

#### **Artigo 5.-Infraccións e sancións**

As débedas polos prezos públicos aquí regulados poderán esixirse polo procedemento administrativo de prema, de conformidade co artigo 46.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo e a norma de recadación que sexa de aplicación.

#### **Artigo 6.-Lexislación aplicable**

En todo o non previsto no presente Acordo estarase ao disposto no Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, a Lei 8/1989, de 13 de abril, de Taxas e Prezos Públicos, así como na Ordenanza Xeral aprobada por este Concello.

#### **Artigo 7.-Disposición final**

A presente ordenanza, que foi aprobada polo Pleno deste Concello en sesión celebrada o día ..... de .....de ....., entrará en vigor logo de que se publique enteiramente o seu texto no Boletín Oficial da Provincia e transcorra o prazo de quince días ó que se refiren os artigos 70.2 e 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, permanecendo en vigor ata que se acorde a súa modificación ou a súa derogación expresa”.



**SEGUNDO.** Declarar a concorrencia de razóns sociais, benéficas, culturais e de interese público que xustifican o establecemento de prezos públicos inferiores ó custe do servizo, xa que a Escola Infantil Municipal é un servizo clave para a conciliación da vida familiar e laboral dos habitantes do Concello de Outes.

**TERCEIRO.-** Publicar o presente Acordo no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia a efectos do seu xeral coñecemento.

Así mesmo, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello <https://www.outes.gal/>

### VOTACIÓN

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

#### 4. Moción Partido Socialista.

**Favorable**

**Tipo de votación**

### MOCIÓN

Como saberedes todos, houbo unha serie de actuacións urxentes este mes na avenida de Fisterra por mor das tuberías da auga, isto non é nada que nos sorprenda xa, porque sabemos da antigüidade e calidade das tuberías. O que si nos chama a atención é que o grupo de Compromiso x Outes que é quen nos goberna, denunciase o 27 de Outubro do ano 2018, a ineptitude do goberno anterior de non facer nada ante a Xunta de Galicia para levar a cabo a mellora prometida da avenida de Fisterra.

Si señores como escoitan, o goberno do Partido Popular non era quen de dicirlle a Xunta de Galicia que era necesario acometer as obras desta avenida, tan urxentes e prioritarias como eran para Compromiso x Outes. Sen embargo vemos como despois de gobernar durante case 4 anos, o mesmo grupo que nos goberna e que antes pedía dita actuación, non foi quen repito, en 4 anos, de conseguir





sacar adiante esta actuación, por eso creemos que non teñen desculpa ningunha, o que vemos é que están moi preocupados por certas actuacións mais irrelevantes dende o noso punto de vista, que das verdadeiramente necesarias.

E voulles lembrar tamén aos compoñentes do grupo de Compromiso x Outes, a todos, como pedían tamén no ano 2018 cunha foto que vostedes poñían no Facebook, amosando uns capachos recollendo auga na piscina municipal, que xa tantas veces foron denunciadas, que catro anos despois tampouco foron quen de acometer unha actuación primordial para os veciños e veciñas de Outes, como é o arranxo das goteiras da piscina.

Outra vez poñían vostedes o goberno do Partido Popular por incompetente xa que non eran quen de arranxar o máis necesario e prioritario, pois de novo 4 anos despois vostedes seguen na mesma postura que os antecesores, (Sabem como di o refraneiro) tanto ten Xan coma Perillán. No partido socialista poñemos por diante a xente e o seu vivir no día a día, por eso creemos que estas actuacións son imprescindibles, necesarias e urxentes e por isto instamos a esta corporación a tomar o seguinte **ACORDO**:

- 1.- Trasladar primeiro de nada a Xunta de Galicia a necesidade de abordar a actuación da Av. de Fisterra de forma urxente, lembrándolles que xa estaban “comprometidas” fai mais de 4 anos.
- 2.- Que o noso alcalde, intente por todos os medios posibles falar e acordar para que, ou ben a Xunta de Galicia ou ben a Deputación da Coruña, acometan con urxencia unha obra tan primordial para o día a día dos nosos veciños e veciñas, como é a da piscina municipal, de forma que acarreen o menor gasto posible a economía do noso concello.

## DEBATE

Toma a palabra a Sra. Molinos que indica que aproximadamente en setembro de 2017 durante o anterior mandato o PP era quen gobernaba e ao mesmo tempo finalizaban as obras da reurbanización da primeira fase da travesía de Outes, dende o cruce do Conchido ata o Concello, que comezaran uns meses antes e que supuxeron unha inversión para o Concello de preto de 800.000€ e as cubriu integramente a axencia de infraestruturas da Xunta de Galicia. Ademais da disposición do firme e da reordenación da calzada e substitución das beirarrúas que supuxo unha mellora da accesibilidade e seguridade tamén se renovaron as redes de abastecemento de auga, de saneamento, pluviais, alumeadado público e fíxose unha previsión para futuros semáforos. Foi un inversión xestionada e



conseguida naquel momento polo goberno do PP igual que a actuación da consolidación interna da estrutura portante da beirarrúa do Concello esa actuación a maiores foi por un valor de 30.000€ máis do que custaba a avenida en si e tamén as beirarrúas da marxe esquerdo da avenida do Rocío por valor de aproximadamente de 50.000€ na que se actuou en termos similares aos descritos, repoñendo as tubaxes das diferentes redes. Iso non foi todo, senón que tamén se conseguiu que Xunta de Galicia redactase o proxecto de reurbanización da segunda fase da travesía dende o concello ata a rúa de Vistalegre, proxecto que lle quedou enriba da mesa ao actual goberno. Dende aquela incluso estando na oposición tivemos unha entrevista co director da Axencia de infraestruturas para interesarnos polo avance das actuacións que demandamos e reunión que nos dixeron que estaba a piques de saír a exposición pública o proxecto. Tal e como sucedeu. Eso foi o que fixemos no anterior mandato, realidades executadas. Descoñecemos que fixo o actual goberno.

No referente á piscina municipal, máis do mesmo, ademais de acometer diversas obras de reparación e mantemento, durante ese mandato invertíronse cerca de 250.000€ nunha actuación integral de reforma na que se dotou dun novo sistema de calor e auga quente na que se reformou o vaso da piscina, a praia da piscina, gradas, inclinación, fixéronse actuacións no patio interior, substituíronse algúns ventanais, parte do pavimento do semisotano, parte da baixada lateral da piscina e arranxáronse outras deficiencias puntuais. Ademais ao final do mandato deixouse aprobado e licitado outro proxecto enmarcado no POS 2018 para acondicionar unha sala de actividades no soto por valor de 74.000€.

É certo que esas actuacións melloraron en gran medida a habitabilidade das instalacións e as filtracións exteriores de auga como tamén é certo que quedaban por amañar. A nós o que nos consta nestes últimos catro anos é que o actual goberno non arranxou o que con tanta insistencia reclamaba e isto é unha proba máis de que é moito máis fácil falar e anunciar que facer. Incluso nalgunha ocasións en declaracións de usuarios da piscina referentes a este tema o Sr. Alcalde estando gobernando chamouno problemíña de condensación.

Toma a palabra a Sra. Suárez que indica que unha vez leída a moción que presenta o grupo do Partido Socialista ven a ser un tres en un. Por un lado fala de acometer a actuación da avenida de Fisterra de xeito urxente que o PP alardea que deixou comprometida e que o grupo de goberno actual non sabemos porque motivo non fixo porque se executara.

Logo está o tema da piscina, a situación lamentable da piscina foi traída a este



pleno por todos os grupos e polo noso polo menos dúas ou tres veces en diferentes formatos e o certo que a día de hoxe son unhas instalacións nun estado lamentable e mesmo unha piscina que chegou a estar pechada porque as instalacións non ofrecían a seguridade suficiente ou non eran quen de quentar a auga e aí volve a caer a responsabilidade no PP porque 40 anos no goberno e pese que foron vostedes as que fixeron esas instalacións as deficiencias non tardaron en saír.

Acabamos de aprobar un REC onde ía unha unha parte importante en peles para quentar a auga da piscina. Vostedes instalaron unhas placas solares nesa piscina pero é que nunca funcionaron, os traballadores que están alí son testemuñas. E houbo durante ese ano un aforro importante de combustible no noso Concello. E que pasou agora? Que o Sr. González que tanto aposta polas renovables non foi quen de conseguir de outra administración das empresas para a instalación para que nos saíse máis barato. Com terceiro punto engadiría o que menciona e non inclúe no punto da moción, que é o tema da traída municipal, unha traída que están hoxe no 2023 máis da metade do núcleo da serra en fibroamianto e sen entrar nas condicións nas que están esas tubaxes. Teño dúbidas de que sexa potable e sirva para inxerir e non falemos de que as tubaxes non aguantan as presións para as vivendas que teñen maior altura por eso se producen esas roturas, son tubaxes que teñen 40 anos. E agora que están no goberno no ven como unha prioridade e era mellor outra serie de actuacións que non eran tan prioritarias. Aquí a responsabilidade é tanto dos que estiveron 40 anos no mandato e non o fixeron de todo ben e de aqueles que o herdaron e non fixeron nada.

Toma a palabra a Sr. González que indica que lle van dar o seu apoio e que é responsabilidade das administracións levar a cabo esas melloras e apoiámola porque é facer o que xa estabamos facendo. Confesamos que non fomos capaces de resolver nestes 4 anos todos os desastres que nos deixaron o goberno anterior, é certo. Non por non facer cousas.

Con relación aos tubaxes temos un problemas pero entendemos que tendo un proxecto pola Xunta de Galicia facelo nós pero as actuacións que nos fixemos, enumera as diferentes actuacións e indica que cren que é diferente o que plantexa o PP e o que eles atoparon.

En canto á piscina municipal dicía a Sra. Molinos a inversión de 2018 para solventar os problemas de construción desa piscina, valore a inversión que fixeron, seguiu chovendo e as placas solares funcionaron seis meses e non serven actualmente e nós en 2021 presentamos un proxecto para mellorar a eficiencia



enerxética e solventar este asunto. Presentamos o proxecto en 2021 non no lo deron e acabamos de presentar outro hai uns meses por unha convocatoria extraordinaria do Fondo de compensación ambiental xusto para substituír a cuberta e evitar eses problemas e agardamos poder facelo.

Toma a palabra o Sr. Caamaño que indica que lle parece ben que o PP na súa defensa indique todo o que fixeron, paréceme moi ben que vostede queira defender todo o que está facendo pero eu cando traio estas mocións é pensando que vou ter o apoio de todos porque creo que é algo que é primordial e necesario. Sexamos serios, temos unhas infraestruturas que precisan mirarse xa e Sr. González volve recomendar que colla ao portavoz de PP e que o chame e vaia á Xunta de Galicia e despois díganos porque se vai só igual nin lle contesta. Imos a solucionar os problemas que temos en Outes e estes dous que traio son moi necesarios urxentes e primordiais.

Toma a palabra a Sra. Suárez que incide no mesmo que son unhas instalacións moi necesarias e utilizadas, que deberían ser unha prioridade deste goberno e que vostedes decidiron priorizar outras actuacións. E recordar que concelleiros somos todos e representantes somos todos e cada un coa súa forza e seu grupo intentamos trasladar a aquelas institucións que fose necesarias para mellorar a vida ou servizos do noso concello e a nós durante estes catro anos non nos custou ningún esforzo outros sen embargos non poden dicir o mesmos aínda que na Xunta está o seu partido.

### **VOTACIÓN**

Finalizado o debate prodúcese a votación, co seguinte resultado:

CO: 5 votos a favor

PP: 5 votos a favor

BNG: 2 votos a favor

GRUPO MIXTO-PSOE: 1 voto a favor

## **C) ROGOS E PREGUNTAS**

### **- PREGUNTAS DO PLENO ANTERIOR:**

- **PP:**



**1ª. PREGUNTA.-** Temos coñecemento a través dos medios de comunicación que o Concello de Outes participa xunto con outros axentes nun proxecto denominado Renatur Outes e que dende o goberno se indicou que se desenvolverá ata finais de 2025 contando cun orzamento que supera os 900.000€. Como non nos queda moi claro a distribución deses fondos europeos nin os conceptos concretos aos que van destinados queríamos facer ao goberno as seguintes preguntas:

1. Do orzamento que se menciona, cantos cartos lle corresponden especificamente ao Concello de Outes?
2. A que se van adicar concretamente os fondos que lle corresponden a Outes? E cales son os prazos de xustificación de emprego dos mesmos?

Responde o Sr. González que fomos beneficiarios do proxecto xunto con outras entidades e o orzamento total é de 900.000€ dos cales o Concello de Outes ten especificamente 154.179€ dos cales estamos pendentes que se aprobe unha modificación do destino dos fondos e 73.000€ serán para contratar un técnico de medioambiente e 75.000 € para a illa de biodiversidade e o resto son custes indirectos. Os prazos de xustificación son a finalización do proxecto en 2005 e cremos que non hai prazos intermedios.

**2ª. PREGUNTA.-** Onte vimos unha noticia na prensa sobre a que nos gustaría preguntarlle e trátase da limpeza das praias, nesa noticia o Sr. Alcalde deu a coñecer que estaban comezando as tarefas de limpeza no Freixo e que o resto sería adecentado de cara ao verán, as nosas preguntas son:

1. Que foi o que mudou para que cando vostedes estaban na oposición mandasen reiteradamente que as praias estiveran listas de cara a semana santa e agora segundo as súas declaracións se adecentarán de cara ao verán?
2. Cando vai a estar realmente limpa e en condicións de ser desfruta con comodidade e seguridade polos usuarios a praia de Broña?

Responde o Sr. González que que a praia de Broña estaba limpa para semana santa e as veces a prensa tamén se equivoca no corpo da noticia e onde poñía o Freixo tiña que poñer Broña. Limpamos a praia de Broña non así a de Portosiavo porque non tiña tanta falta e a praia de Broña quedou limpa naquel momento. Había un erro no titular.

**3ª PREGUNTA.-** Con respecto ao proxecto de renovación de alumeadado público do Concello no seu día comentárase que as luminarias tiñan un prazo de garantía e como non nos quedou moi clara esa cuestión, preguntámoslle ao goberno:



1. Cantos anos de garantía teñen as luminarias do alumeadado público e os compoñentes asociados?
2. Que alcance ten esa garantía?

Responde o Sr. González que a garantía das luminarias é de 10 anos e cunha mellora nos pregos e o alcance ven derivado do mal funcionamento das luminarias dunha causa exterior non o cubriría. En canto ao cableado a garantía é de dous anos. A maioría das veces ven derivado de causas meteorolóxicas pero o mal funcionamento da luminaria está cuberto.

**4ª PREGUNTA.-** Con relación á relación de facturas número 6 de 2023 que lle chaman facturas recorrentes do 2023. Hai unha factura a unha empresa que pon mantemento da EDAR do 16.01.2023 a 31.01.2023 por 3.318,43€ e queriamos preguntarlle, de que se trata esa factura? E se é correcto o período do mantemento?

Responde o Sr. González que se trata do mantemento da EDAR e que precisa dun mantemento diario que antes non tiña e polo que non funcionaba. Estao a prestar unha empresa e un custe non é menor e é un custe aproximado do 5.000€ máis IVE e é un servizo que temos que prestar e que estamos preparando para sacar a licitación.

Indica a Sra. Molinos que lles sorprende que non exista ningún contrato ao respecto e responde o Sr. González que prefiren ter a EDAR mantida a pesar que administrativamente esta en precario, cremo que é moi importante. As deficiencias que se detectaron foron por unha falta de mantemento e é o que pon a auditoría da Xunta de Galicia.

#### **- PREGUNTAS PARA O VINDEIRO PLENO:**

- **BNG:**

**PRIMEIRA 1.** Xa lle advertimos anteriormente e observamos que sigue coas mesmas actuacións é referente ao espazo da estrada da Xunta de Galicia á entrada do noso Concello no espazo da carreteira vella. Xa no seu momento houbo un derrubo no corredor e usaron ese espazo para votar os restos. Xa se preguntou se se puxeran en contacto con estradas de Galicia e que lle advertiran que non poden usar ese espazo como un vertedoiro pois o problema segue aumentando, xa que, agora ha restos de árbores. Fixeron algo porque estradas de Galicia deixara de utilizar ese espazo como un vertedoiro na entrada do noso Concello?



**PREGUNTA 2.** Esta semana do IES Poeta Añón quedaron tirados na saída das aulas pola falta de tres autobuses que cubrían varias liñas e as familias tiveron que acudir a buscalos sen aviso previo. Son vostedes coñecedoras desa situación e pensan tomar algunha medida? E van facer algo ante a Consellería para que Outes deixe de perder servizos no transporte públicos e no escolar?

**PREGUNTA 3.** Cantas licenzas de obra e primeira ocupación deron vostedes este ano na parroquia de Cando?

**- ROGOS:**

• **PP:**

**ROGO 1.** Rogámoslle ao goberno que cando publicite unha inversión do concello para os veciños que sexa máis claro e concreto porque un plan que vostedes venderon como se fosen a inverter 900.000€ no ría Tines acaban de quedar en 150.000€ dos cales 75.000€ son para contratar a un técnico pola que inversión real dese plan quedou reducida a 75.000€ que é unicamente un 10%. Rogámoslle que sexan máis honestos cos veciños.

• **BNG:**

**ROGO 1.** No pleno anterior que presidiu a tenente alcalde preguntamos cal era a razón porque Outes era un dos poucos Concellos polos que se seguía apostando a hora de acometer as beirarrúas polas losetas de sempre e non polo cimentado semirugoso. A tenente alcalde respondeunos que era cuestión de coherencia e de lóxica e que se substituían segundo a estética e era coherencia pero o que vostedes tratan as beirarrúas de xeito distinto segundo onde estean localizadas ou se lles terminou a coherencia. Rogamos que traten a todos os lugares por igual.

**ROGO 2.** Acometan con urxencia a subida da costa de Agrela a aldea de Cando.

**ROGO 3.** Se repite en varias ocasións e hai que sinalar certas prazas de persoas con mobilidade reducida que se ocupan por persoas que non teñen esa necesidade facendo un prexuízo para persoas que si que a teñen. Rogamos que o Concello faga unha vixilancia maior para que isto non suceda.

• **Partido Socialista:**



**ROGO 1.** Con relación na Costa de Agrela a prohibición de circulación a transportes pesados e rógalle que tomen ese detalle.

*Remata a sesión ás 22:40 horas do que, como Secretaria, dou fe.*

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

